

Fiador: as guías temáticas

Son unha selección de recursos de información relacionados cos ámbitos temáticos de docencia e investigación da universidade, realizada polo persoal das bibliotecas de cada centro para ofrecer a mellor información especializada.

As guías permiten a clasificación dos recursos por **ámbito** (as cinco grandes áreas científicas), **materia** (graos ou especialidades de cada centro) ou **tema** (guías específicas de tipoloxías documentais ou cuestións concretas).

Fiador estrutúrase sobre dous elementos fundamentais:

- **As guías:** cada guía contén os elementos seleccionados agrupados por tipo de recurso (bases de datos, portais temáticos, blogs...), así como os datos de contacto dos bibliotecarios especializados na materia.
- **Os recursos:** poden localizarse dentro das guías, en listaxes alfabéticas ou no buscador de recursos, situado na parte superior dereita da interface de Fiador. Cada recurso vai acompañado dunha breve descrición e dunhas iconas á súa esquerda que indican o tipo de recurso, modo de acceso, existencia de manuais de uso, etc.

Fiador localiza e agrupa dende bases de datos subscritas pola BUDC ata recursos en acceso aberto, pero non revistas electrónicas ou libros electrónicos de pago, polo que a páxina, ademáis dos dous compoñentes principais (guías e recursos), inclúe dous formularios de busca destes recursos. A maiores, a incorporación dun formulario para “Buscar no catálogo” fai de Fiador un localizador de tódolos recursos (electrónicos e impresos) da biblioteca da UDC.